# UNHA NOITE N'A EIRA DO TRIGO

Guión melódico (poema de M. Curros Enríquez) Adaptación: R. Dovalo



1.) Unha noite na eira do trigo
ao refreixo dun branco luar
unha nena choraba sin trégola
os desdéns dun ingrato galán.

E a coitada entre queixas decía
xa no mundo non teño a ninguén
vou morrer e non ven os meus ollos
os olliños do meu doce ben.

E1.) Os seus ecos de melancolía
camiñaban nas alas do vento
e un lamento... repetía...
vou morrer e non vexo a o meu ben.

2.) Lonxe dela de pe sobre a popa
dun eleve e negreiro vapor
emigrando camiño de America
vai o probe e infeliz amador.

E o mirar as xentis anduriñas
cara a terra que deixa cruzar
quen poidera dar volta pensaba
quen poidera con vosco voar.

E2) Mais as aves e o buque fuxian
sin ouir seus amargos lamentos
soio os ventos repetia
quen poidera con vosco voar. (orq.)

3.) Noites craras de aromas e lúa
dende entón que tristeza en nos hay
pra os que viron chorar unha nena
pra os que viron un barco marchar.

E3) dun amor celestial verdadeiro
quedou soio das bágoas a proba
unha cova nun outeiro
e un cadabre no fondo do mar.